

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 02 DE NOVEMBRO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e seis de outubro de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte.- Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.  
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 26 de outubro de 2009 (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **1º.-INFORMACIÓN URBANÍSTICA.**

1.-“Solicitud de información urbanística interesada por **don Benigno González Carballal**, con domicilio a efectos de notificación en Avda. Balaidos, No.1, Portal 1, 6ºF, Vigo, con número de rexistro de entrada No. 6158. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 27.10.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Carretera de Filgueira, No.102, na localidade de Francelos (Finca 13, Polígono 94.10.4 –Urbana), a solicitud de don Benigno González Carballal de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.-“Solicitud de información urbanística interesada por **don Julio M. Fernández García**, con domicilio a efectos de notificación en Trasariz – Concello de Cenlle, con número de rexistro de entrada No. 6160. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 27.10.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na localidade de Sanín (Finca 33, Polígono 28), a solicitud

de don Julio M. Fernández García de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

**3.-“Solicitude de información urbanística interesada por **dona M<sup>a</sup> Lourdes Pedrouzo Otero**, con domicilio a efectos de notificación en Barbantes–Estación, C. P. 32450- Cenlle, con número de rexistro de entrada No. 6168. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 27.10.09.**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito no Seixo 27, As Chavolas (R.C. 000101800NG78D0001ED), a solicitude de dona M<sup>a</sup> Lourdes Pedrouzo Otero de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

**4.-“Solicitude de información urbanística interesada por **don Julio Vázquez Mazaira**, con domicilio a efectos de notificación en Carreira de Francelos, No. 38, 1º C Ezda, con número de rexistro de entrada No. 4884. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 30.10.09.**

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en Rúa San Martiño, No. 38, Baixo, a solicitude de don Julio Vázquez Mazaira de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

## **2º.- ESCRITO DE AQUALIA.**

Comunicación de Aqualia con data de entrada no concello de 02 de novembro de 2009 e nº RE 6746 sobre resultados analíticos de mostras de auga para o consumo público da EDAR de Francelos.

## **3º.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA**

“Visto o expediente a nome de **don José Benito Dávila Fuertes**, con domicilio rúa Carlos Casares, No. 12, 2º A , CP. 32400-Ribadavia -Ourense, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia , no inmovible sito na rúa Fornos Nº 8, 1º desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

“Visto o expediente a nome de **dona Eudosa Escudero Regueiro**, con domicilio rúa Fornos No. 32 , CP. 32400-Ribadavia -Ourense, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia , no inmovible sito na rúa Fornos Nº 32, desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000 euros, xa que as

obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

#### **.-4º.- ACOMETIDAS DE AUGA.-**

1.-“Visto o escrito presentado por **don Antonio García Vázquez**, con domicilio en Ventosela, No.5, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para a Polígono Industrial, Cp. 32416 – San Cristovo”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

#### **5.-RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.-**

Dase conta por parte do Secretario a reclamación presentada mediante escrito con data de 27 de outubro de 2009, R. E. No. 6608, por don Fredi Pérez Sandín.

Co este informe de Secretaría de data 30 de outubro de 2009, no que se fan as seguintes consideracións:

##### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.-**

1ª.-O artigo 139 da Lei 30/1992 establece que os particulares terán dereito a ser indemnizados polas Administracións Públicas de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos. O dano alegado deberá ser efectivo, evaluable economicamente e individualizado en relación a unha persoa ou grupo de persoas.

2ª.-Do anterior artigo e da interpretación xurisprudencial dedúcese a necesidade dunha serie de requisitos para apreciar a posible responsabilidade da administración, como son:

a)Dano efectivo ou real.

b)Dano economicamente evaluable ou cifrable en cartos.

c)Dano individualizado en relación a unha persoa.

d)Dano antixurídico, é dicir, aqueles danos que o particular non teña o deber de soportar, como consecuencia dun dereito previo a atoparse nunha situación determinada.

e)Que o dano afecte a bens, dereitos ou intereses lexítimos.

f)Que o dano estea debidamente probado correspondéndolle a carga da proba ao afectado.

g)Que o dano sexa consecuencia do funcionar normal ou anormal dun servizo público.

h)Que exista unha relación de causa efecto entre o actuar administrativo e o prexuízo causado ao particular.

3ª.-No caso concreto, se incumpre dous requisitos esenciais en toda reclamación de responsabilidade patrimonial perante á Administración Pública, como son a interposición da reclamación no prazo dun ano,e a correcta acreditación da relación de causalidade.

4ª.-En canto ao primeiro dos requisitos o artigo 142 da lei 30/92 de Procedemento Administrativo Común establece *que o dereito a reclamar prescribe no prazo dun ano dende que se produciu o feito que motivou a indemnización o se manifestou o seu efecto lesivo*.Por tanto se tanto o feito que motiva a solicitude de indenización como o seu efecto lesivo se produciron o 07-septembro-2008,a presentación da reclamación o 27-outubro-2009 excede claramente do prazo permitido para a sua presentación.

5ª.- En canto ao segundo dos requisitos referente a relación de causalidade que debe estar implícita en toda reclamación de responsabilidade fronte a administración, debemos traer a colación a xurisprudencia do Tribunal Supremo, facendo fincapé nas seguintes sentenzas:

-Sentenza de 20 de decembro de 1994 que establece que a existencia na relación de causalidade é condición *sine qua non* para declarar a responsabilidade patrimonial da administración.

-Sentencia do 15 de novembro de 1985 e 23 de outubro de 1986 que establecen que debe precisarse con claridade para apreciar responsabilidade patrimonial na Administración unha relación entre actuación da administración e o dano que se causa ao particular.

-Sentencia de 21 de decembro de 1990 esixe que se probe a existencia do nexos causal correspondéndolle a carga da mesma ao interesado. Neste sentido as sentenzas do Tribunal Supremo do 11-02-84, do 20-0289, do 24-04-90 e do 12-03-92, etc.

-Así como dispón a Sentenza do Tribunal Supremo do 19-01-87 a responsabilidade patrimonial da Administración non supón que a obriga de indemnizar naza sempre que se produza unha lesión polo funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos senón que é preciso que entre a lesión causada ao particular e o funcionamento do servizo exista un nexos de causalidade do que resulte que a lesión sexa consecuencia do antedito funcionamento.

**No caso concreto non aparece probada a relación de causalidade posto que o interesado limitase a presentar un parte médico e outra documentación, sen que na mesma se acredite en ningún caso mediante fotografías, testigos ,informe policial, que o dano que sufriu ten algún tipo de relación co bolardo.**

Ademais a necesaria existencia dun nexos causal para apreciar responsabilidade patrimonial da administración pode romperse como consecuencia da conducta do perxudicado. Así da xurisprudencia do Tribunal Supremo dérívase que a

*influencia que a conduta da vítima teña na produción do dano, pode implicar unha exoneración da responsabilidade patrimonial da administración e polo tanto da ruptura do nexa causal. Así a STS do 19.01.87, declara que a responsabilidade patrimonial obxectiva desta non supón que a obriga de indemnizar naza sempre que se produza unha lesión polo funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, senón que é preciso que entre a lesión e o funcionamento, haxa un nexa de causalidade obxectiva, do que resulte que aquela lesión é consecuencia deste funcionamento e sen que dita relación de causa – efecto interveña a conduta culposa do prejudicado, pois se esta intervención é tan intensa que o dano non se producise sen ela, é obvio que non pode impoñerse á administración o resarcimento dunha lesión económica cuxa causa eficiente é imputable ao propio danado.* Neste sentido, podemos mencionar as sentenzas do STS do 11 de abril de 1986, 7 de outubro de 1997, 23 de setembro de 1999, etc, que entendemos aplicables ao caso concreto, **por canto existe unha negligencia grave da vítima que finalmente é a causante de que se produza o dano final, fundamentalmente porque os límites de celebración da festa fan imposible que o bolardo se vira cuberto de espuma, de xeito que un posible golpe contra o mesmo so se puido deber a actuación do particular, o cal implicaría finalmente unha ruptura do nexa causal (en caso de existir, o que tampouco queda acreditado) entre o funcionamento do servizo público e o dano que se lle causa ao particular.**

#### CONCLUSIÓNS:

Procede informar desfavorablemente a solicitude de reclamación de responsabilidade patrimonial efectuada por D. Fredi Pérez Sandín ao presentarse fora do prazo legal e non acreditarse a existencia dun nexa causal, que encaso de existir quedaría roto pola seu comportamento negligente.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico acorda, por unanimidade dos seus membros desestimar a reclamación feita por don Fredi Pérez Sandín posto que:

- 1.-A reclamación é extemporánea
- 2.-Non acredita a existencia de nexa causal entre o perxuízo no que se lle produciu no pé o suposto funcionamento do servizo público causante do mesmo.

#### **6.- ESCRITO DO CLUBE RIBADAVIA ATLETICO:**

Dase conta polo Secretario do escrito presentado por don José Luis Míguez Martínez en calidade de Presidente do Clube Ribadavia Atlético con data de 28 de outubro de 2009 e con R.E. 6646.

En contestación o seu atento escrito dicir que despois de case 4 meses de reunións para chegar a un acordo de utilización do campo municipal do Xestal, e con vistas a que o Ribadavia Atlético négase a chegar a ningún tipo de acordo e tamén se nega a firmar o último borrador de convenio pasado pola Concellería de Cultura e Deportes, para o uso preferente e compatible coa categoría de cadetes do Ribeiro F.C., a Xunta de Goberno Local toma as seguintes decisións para o uso do Campo Municipal do Xestal, na base de promocionar, axudar e promover o deporte base dentro do Concello de Ribadavia.

1º.-O mantemento do campo de herba do Xestal pasará a facerse polo Concello de Ribadavia por medio dos seus traballadores.

2º.-Para a utilización do campo de herba do Xestal, o Ribadavia Atlético terá que notificar en tempo e forma o calendario de adestramentos, así como competición oficial para dispoñer do terreo de xogo.

3º.- O Ribadavia Atlético terá preferencia á hora de elixir os vestiarios que se atopen no recinto pechado do Xestal, atinguíndose a unha limpeza e decoro.

4º.- O Ribadavia Atlético se así o desexa manterá o uso da cantina-bar o Campo de fútbol do “Xestal” coa condición de manter limpas e en perfecto estado de hixiene as gradas do recinto.

5º.- O Ribadavia Atlético comprométese a marcar o campo antes do inicio de cada partido oficial que xoga no Campo de fútbol municipal do Xestal.

6º.-Por requerimento da Alcaldía de data 20 de outubro de 2009 que se lle notificou a D. José Luis Míguez Martínez en calidade de Presidente do Ribadavia Atlético para que proceda a entregar as chaves da nova pechadura que da acceso ó cadro de alumeados do campo de fútbol municipal do Xestal. Feito que a día de hoxe luns, 2 de novembro aínda non se produxo e polo cal se lle advirte que se tomarán as medidas legais oportunas se non se efectúa ese depósito das chaves nas dependencias municipais.

Con relación o seu escrito de data 28 de outubro e con R.E. 6646 aclarar os seguintes puntos:

1.-Non é certo que o Ribadavia Atlético non cobrase a subvención para o mantemento do campo de fútbol do ano 2008 como alegan no punto cuarto do seu escrito, senon que non soamente se fixo efectivo dito pago para o ano 2008 e recentemente se lle ingresaron na conta habilitada para elo a subvención do ano 2009 para o mesmo concepto.

2.-No punto quinto do escrito faise referencia ós dereitos o uso do campo municipal do Xestal, cando a día de hoxe o Ribadavia Atlético é o único equipo de fútbol que se nega a firmar a proposta de convenio feita polo Concello.

3.-No “punto cuarto” alégase que o Concello actuou de forma caprichosa para impoñer “con nocturnidad e alevosía” unha decisión a todas luces inxusta.

Dicir que o Concello leva cerca de 4 anos intentando chegar a un acordo cós Ribadavia Atlético e o Ribeiro F. C. Sección cadetes, para a utilización máis racional e efectiva do terreo de xogo, sen afectar ós intereses de ningún dos dous clubs.

Ao non ser posible acordo algún por cousas imputables o Ribadavia Atlético o Concello decide unilateralmente e despois de 4 meses de reunións, facerse cargo do mantemento do terreo de xogo para que non exista agravio comparativo con ningún veciño nin usuario.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

Os membros da Xunta de Goberno Local toman coñecemento dos seguintes:

1º.- Escrito da Consellería de Medio Ambiente con data de entrada no Concello de 02 de novembro de 2009 e nº RE 6759, relativo a auditoría sobre a EDAR de Ribadavia.

2º.- Escrito da Consellería do Medio Rural con data de entrada no Concello de 30 de outubro de 2009 e nº RE 6714, sobre clasificación do monte do Couto como veviñal en man común. A Xunta de Goberno Local acorda remitir o expediente ao aparelador municipal para comprobar a correcta extensión do delimitado

3º.- Escrito da Presidencia con data de entrada no Concello de 20 de outubro de 2009 e nº RE 6448,sobre concesión de subvencións a entidades deportivas para o ano 2009.

4º.- Convenio de Colaboración con data de entrada no Concello de 23 de outubro de 2009 e nº RE 6569,suscrito entre o concello de Ribadavia e a Deputación Provincial de Ourense para a cesión dos terreos destinados a instalación das infraestructuras para a implantación dunha rede de banda ancha no concello.

5º.- Escrito da Presidencia con data de entrada no Concello de 29 de outubro de 2009 e nº RE 6683,mediante o que se lle outorga unha subvención ao concello destinada a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante durante o ano 2009

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº8/09.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº8 /09, por importe de 50.265,02 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO